

# —Concello do Pobo

## —Ao servizo do Pobo



### Carta a Viana do Bolo

Fai 6 anos que teño a honra de representar as veciñas e veciños de Viana do Bolo no Concello. Neste tempo como portavoz do BNG, dinme conta como gobernaba o noso concello o señor Montesinos. Neste tempo observamos e vimos como o diñeiro dos nosos impostos, “desaparecía” en contratacións infladas que non dan servizo á cidadanía; vimos como os poucos investimentos en obras se facían en moitos casos sen atender as prioridades, vin en definitiva como a sombra da corrupción sobrevoaba a cabeza do señor alcalde. Por outra banda tamén observamos que para financiar esta “política” subían as taxas e impostos dunha forma desmesurada. Exemplos temos dabondo e así llos

demos a coñecer as veciñas e veciños de Viana do Bolo. Neste tempo tamén nos demos conta da nula preocupación que ten este alcalde por resolver as problemáticas dos veciños e das veciñas, de defender os intereses do noso concello e loitar por mellores servizos para Viana.

Esta lamentábel situación ten que desaparecer, ten que cambiar a situación. Viana do Bolo precisa, canto antes, unha actuación enérxica baseada en tres premisas fundamentais:

- 1ª Máxima eficacia e rendibilidade dos recursos públicos. Xa está ben de corrupción, desbaratamento e mala xestión.
- 2º Actuación política na que prime a transparencia e a equidade. Todos e todas debemos ter as mesmas oportunidades e dereitos.
- 3º Defensa dos sectores produtivos coa conseguinte creación de emprego, mellora das infraestruturas.

Axudas ás familias que sofren o desemprego e a crise.

De—  
pen  
—de  
de—  
Nós

Agora estamos as portas dunhas novas eleccións, que van decidir o futuro do goberno do noso concello.

Temos que decidir se queremos que toda siga igual de mal, ou damos un xiro e afrontamos unha nova etapa con ilusión, con ganas e cun novo equipo e un novo alcalde que traballe xunto cos veciños e veciñas para traer o progreso social, económico e cultural a Viana do Bolo. O meu compromiso e o do grupo de persoas que conformamos a candidatura do BNG-Asembleas Abertas é traballar para resolver estes problemas. O noso obxectivo é converter o Concello nunha institución útil e ao servizo das xentes de Viana do Bolo

[dependedenos.gal](http://dependedenos.gal)  
#dependedenos

**Secundino Fernández Fernández**

Candidato á Alcaldía de Viana do Bolo polo BNG-Asembleas Abertas

#ConcellosBNG

## — O BNG-Asembleas Abertas COMPROMÉTESE A

### Defender ás veciñas e veciños, a defender Viana.

O señor Montesinos neste catro anos fixo unha deixadez de funcións que lle supuxo a Viana:

Perder o Grupo de Emerxencias Supramunicipal que foi parar á Gudiña e con elo os 16 postos de traballo e o servizo que tiñan que ter os veciños e veciñas de Viana

Perder o Obradoiro de Emprego e a Oficina de Fomento Cooperativo cuxa sede foi para á Veiga e con elo o conseguinte perxuizo económico.

Mala xestión en Portas de Galiza. Varios millóns de euros que se xestionaron dende Verín e dos cales Viana so vía unhas bicicletas e calendarios. Iso si, o Montesinos, pagou 60.000 euros das arcas municipais.

Falta de xestión no Plan Leader. Nada supuxo para o concello e para a veciñanza estar neste grupo. Canto diñeiro se investiu no noso concello con cargo ao Leader? Ningún.

***A equipa do BNG-Asembleas Abertas quere liderar a defensa dos intereses económicos, laborais e sociais dos veciños e veciñas de Viana. Mostras dese interese demos nas loitas pola defensa do cobro do diñeiro estafado nas preferentes; na defensa dos intereses dos veciños e veciñas ante o intento de cobro de accesos de carruaxes a vía pública...***

## — O BNG-Asembleas Abertas COMPROMÉTESE A

### Eliminar de raíz a sombra de corrupción existente na xestión municipal

Neste catro anos do señor Montesinos pagáronse facturas moi dúbidasas:

Alumeado público. Unha única empresa recibiu todos os contratos de alumeados a dedo, con custes tan sospeitosos como farois de 3.300 euros, cambio de lámpadas de baixo consumo a 2.000 euros. En total máis de 700.000 euros. Iso si, os veciños e veciñas do rural tiñan que pagar do seu peto as lámpadas cando se fundían.

Festa da Androlla. Contratación de camareiros a dedo con custe de 24.000 euros.

Festa de Agosto. Contratación das orquestras a dedo preto de 50.000 euros.

Axuda no Fogar. Contratación a dedo dunha empresa por preto de 100.000 euros ao ano.

Arranxo de camiión. Non se pediu orzamento a ningún taller de Viana e pagáronse máis de 21.000 euros.

***A equipa do BNG-Asembleas Abertas vai facer concursos públicos no que todos van ter as mesmas oportunidades, primando sempre as empresa radicadas en Viana.***

## — O BNG-Asembleas Abertas COMPROMÉTESE A

### Facer unha xestión na que se teñan en conta os intereses dos veciños e veciñas

Neste catro anos de xestión do señor Montesinos houbo subas de taxas e impostos escandalosas, empregáronse cartos en obras para amigos mentres non se arranxan as pistas para os veciños e veciñas dos pobos.

O prezo da Auga. Aumentou o 150 %

O Lixo. Suba que chegou ao 100%

Tarifas nas piscinas. Aumentaron de media o 120 %

Terrazas na hostalaría. Soben o 1.566%, até chegar a 60 euros por mesa.

A Contribución (I.B.I urbana). Sobe un 50 % e para o 2015 hai pedida unha revisión catastral que implicará unha nova suba.

Non contento, Montesinos, pretende cobrar por acceder a vía pública con vehículos.

***A equipa do BNG-Asembleas Abertas vai consultar cos veciños e veciñas e paralizar alquera suba de taxas e prezos públicos. Os cartos para obras serán para onde haxa necesidades.***

## — O BNG-Asembleas Abertas COMPROMÉTESE A

### Facer unha xestión eficaz e rendíbel do diñeiro do concello

A xestión do señor Montesinos caracterizouse por gastar miles de euros en avogados e procuradores para posteriormente perder os os pleitos; en contratar asesores xurídicos para non facer nada; en contratar asesoramento enerxético que podía facer o persoal municipal. Como colofón manter durante todo o mandato municipal dous asesores con dedicación exclusiva e ben pagados.

***O BNG-Asembleas Abertas comprométese a eliminar todos estes gastos superfluos e investir nas melloras das condicións de vida da poboación de Viana.***



De—  
pen  
—de  
de—  
Nós